



Manifiesto do Movemento CERMI co motivo do 3 de decembro de 2024, Día Internacional e Europeo das Persoas con Discapacidade

A vivenda digna e axeitada como dereito fundamental para a vida independente das persoas con discapacidade

Con motivo do Día Internacional e Europeo das Persoas con Discapacidade, que cada ano se celebra o 3 de decembro, no correspondente ao ano 2024, o Movemento social da discapacidade, agrupado de maneira unitaria arredor do Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) e da Fundación CERMI Mujeres, fai público o seguinte:

Manifiesto

O ben social básico da vivenda, base dun hábitat inclusivo, non é un asunto menor para as persoas con discapacidade e as súas familias. Para o seu sector social representativo é, hoxe, por dereito propio, un asunto de máxima relevancia, que o será aínda máis nun futuro inmediato.

A vivenda é o soporte vital da autonomía e independencia das persoas con discapacidade. Constitúe o "campamento base" dende o que partir para conquistar outras metas, entendidas como bens imprescindibles para a súa plena participación comunitaria e inclusión social.

A vivenda é o tronco necesario do que deben xurdir ramificacións en todas as esferas vitais da persoa con discapacidade.

Toda persoa con discapacidade ten dereito a vivir nun domicilio libremente elixido, cos apoios que precise, pertencendo e participando na súa comunidade. Para que este dereito sexa efectivo, reclamamos que a vivenda, como ben básico, cumpra tres características:

- Que sexa accesible.
- Que sexa alcanzable.
- Que sexa inclusiva.

Vivenda accesible.

A accesibilidade é unha condición esencial para que o dereito a unha vivenda digna e axeitada sexa efectivo para as persoas con discapacidade. A Constitución Española (artigo 47) establece o dereito a unha vivenda que debe ser digna e axeitada, o que inclúe a accesibilidade universal. O novo artigo 49 deste mesmo texto reforza esta

obriga ao declarar o dereito das persoas con discapacidade a contornas universalmente accesibles.

O noso país sofre un acusado déficit de accesibilidade no parque de vivendas: case o 70 % non reúnen condicións de accesibilidade para persoas con discapacidade e persoas maiores.

Para que unha vivenda sexa accesible, deben terse en conta estes tres eixos:

- As medidas de accesibilidade universal propiamente ditas (arquitectónicas, sensoriais auditivas e visuais, para a comunicación e cognitivas).
- O deseño para todas as persoas.
- A realización de adecuacións e axustes razoables para as contornas preexistentes, que os fagan accesibles.

Para avanzar no obxectivo irrenunciábel da accesibilidade á vivenda, o Movemento CERMI propón o seguinte programa de acción:

- Reforma inmediata da Lei de Propiedade Horizontal para impoñer como obrigatorias para as comunidades de propietarios as obras e actuacións de accesibilidade, sen límites nin restricións.
- Incorporar a accesibilidade como condición de todos os plans públicos de rehabilitación e adecuación de vivendas e contornas urbanas.
- Incluír de oficio a información sobre as condicións de accesibilidade universal na ficha do edificio existente no Rexistro da Propiedade e nos soportes administrativos de edificación.
- Creación por Lei dun Fondo Estatal de Promoción da Accesibilidade Universal, dotado cun 1,5 % dos orzamentos dos ministerios inversores, destinado a actuacións de accesibilidade no parque de vivendas.
- Establecer polos poderes públicos unha oferta viva, actualizada, transparente e suficiente de vivendas accesibles.
- Garantir o cumprimento efectivo das disposicións legais estatais e autonómicas de reserva de vivenda protexida para persoas con discapacidade (artigo 32 da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social, reserva do 4 %).
- Modificar a regulación do Fondo Raíña Letizia para ampliálo e permitir dedicar parte dos seus recursos a accións de accesibilidade no parque de vivendas.

Vivenda alcanzable

As barreiras ao ben básico da vivenda non son só materiais, senón tamén económicas, xa que as persoas con discapacidade e as súas familias son xeralmente máis pobres e soportan maior exclusión social que aquelas sen discapacidade. É necesario atallar con decisión a pobreza habitacional das persoas con discapacidade, especialmente das mulleres, que padecen maior privación material e están máis expostas á exclusión socioeconómica.

Para avanzar no obxectivo dunha vivenda alcanzable, o Movemento CERMI propón:

- Declarar oficialmente a preferencia absoluta das persoas con discapacidade e as súas familias nas políticas e programas públicos de vivenda, que terán trato de grupo prioritario.
- Crear novas prestacións públicas para persoas con discapacidade en materia de vivenda, como axudas para realizar tránsitos habitacionais inclusivos, facilitando a desinstitucionalización.
- Regular unha fiscalidade proactiva que minimize o esforzo económico na adquisición, mantemento, rehabilitación ou transmisión da vivenda.
- Favorecer as entidades non lucrativas como xestoras sociais de vivendas dispoñibles para persoas con discapacidade.

Vivenda inclusiva.

As persoas con discapacidade precisan novas formas de habitabilidade e convivencia inclusivas, innovadoras e orientadas á vida independente en comunidade.

Para avanzar neste obxectivo, o Movemento CERMI propón:

- Regular normativamente fórmulas habitacionais innovadoras (viviendas colaborativas, etc.).
- Estratexias de desinstitucionalización baseadas na dispoñibilidade de vivenda, combinando políticas sociais e de vivenda que preveñan a institucionalización.
- Protexer as persoas con discapacidade fronte á perda da vivenda (desafiuzamentos, impagos, etc.).
- Diseñar políticas públicas de vivenda con enfoque de xénero, favorecendo ás mulleres con discapacidade, especialmente as máis vulnerables.
- Asegurar o acceso á vivenda para a xuventude con discapacidade, con dereito a elixir onde e como vivir, cos apoios precisos.
- Responder ás necesidades de vivenda das persoas con discapacidade en situacións de emerxencia ou catástrofe.

A vivenda, como base dun hábitat inclusivo, é un tema crucial na axenda política das persoas con discapacidade.

3 de decembro de 2024

CERMI

www.cermi.es

Fundación CERMI Mujeres

www.fundacioncermimujeres.es